

# DESCUBRE MOAÑA




RUTAS GUIADAS  
POR MOAÑA



CONCELLO  
DE MOAÑA

# RUTAS POR MOAÑA

- 01 A POZA DA MOURA DE DOMAIO
- 02 HISTORIA DAS RÚAS DE MOAÑA
- 03 A TORRE DE MEIRA, ATALAIA DE MOAÑA
- 04 INTERMAREAL DE TIRÁN
- 05 CANTEIRAS DO LITORAL
- 06 A MOAÑA MARIÑEIRA
- 07 SENDEIRO DA FRAGA
- 08 SAN MARTIÑO
- 09 MULLERES DA HISTORIA DE MOAÑA
- 10 LITERARIA "O ÚLTIMO BARCO"
- 11 SENDEIRO DE RIALDARCA



# A POZA DA MOURA DE DOMAIO

**DURACIÓN:** 2 HORAS **PERCORRIDO:** 3 KM IDA

**INTENSIDADE:** MEDIA

**INICIO:** PARQUE DO SOUTO DAS CAMELIAS

**FIN:** A POZA DA MOURA



## NA BUSCA DA POZA MÁIS FAMOSA E FERMOUSA DO MORRAZO

Partiremos dende o Parque do Souto das Camelias. Alí a Asociación de Mulleres Poza da Moura encárgase do coidado de máis de 100 variedades diferentes de camelias, que dende 2006 son as protagonistas da Exposición das Camelias que se organiza cada ano en Domaio. Continuaremos o noso camiño subindo á beira do Río da Freixa que coa súa vexetación constitúe un bo exemplo do que sería un bosque de ribeira. Atoparemos unha gran cantidade de muíños que agora están abandonados e miraremos ao pasado para recordar o seu importante papel no desenvolvemento económico, social e demográfico da zona. Voltaremos ao presente para reflexionar sobre o impacto da construción do Corredor do Morrazo actualmente convertido en Autovía, e da Urbanización Golf Domaio sobre esta fermosa ruta. Como premio ao noso esforzo chegaremos á mítica Poza da Moura de Domaio que se converteu nos últimos anos nun lugar moi visitado pola súa beleza, encanto e historia.




# A TORRE DE MEIRA, ATALAIA DE MOAÑA

**DURACIÓN:** 2 HORAS **PERCORRIDO:** 1 KM

**INTENSIDADE:** MEDIA

**INICIO:** CARTEL INDICA KM 1 - ZONA APARCAMENTO

**FIN:** A TORRE DE MEIRA



## O REXURDIR DUN ENCLAVE HISTÓRICO DE MOAÑA

Ata hai pouco tempo a contorna da torre permanecía soterrada e pouco se coñecía da súa historia. Despois das escavacións realizadas, comézase a desvelar parte do seu pasado. Nesta ruta trataremos de interpretar as descubertas que se fixeron na torre, coñecendo tamén os petróglifos situado a poucos metros, gozaremos das vistas dende un dos mellores miradoiros de Moaña, razón da situación da torre neste lugar. Os alicerces da torre mírannos dende un pasado incerto que inclúe diversas destrucións nas que interviñeron os irmandiños ou o mesmo Pedro Madruga.


# INTERMAREAL DE TIRÁN

**DURACIÓN:** 2 HORAS **PERCORRIDO:** 1,5 KM

**INTENSIDADE:** BAIXA

**INICIO:** APARCADOIRO IGREXIA SAN XOAN DE TIRÁN

**FIN:** PRAIA DE VIDEIRA



## CANDO BAIXA A MAREA

Desde o adro da Igrexa de San Xoán de Tirán, convertido nun espectacular miradoiro sobre a Ría de Vigo, baixaremos á praia para ver, tocar e coñecer as especies que alí habitan, como ourizos de mar, peixes pipa, chocos ou os simpáticos ermitáns. Na praia de Videira, aprenderemos a diferenciar as cunchas das distintas especies de moluscos que podemos atopar nesta zona tan rica da nosa costa e finalmente na praia de Niño do Corvo, centrarémonos noutro dos atractivos da costa de Tirán como son as rochas vaugneríticas, de incalculable valor xeolóxico. Unha ruta moi interactiva, axeitada para toda a familia, e da que seguro que os asistentes, sobre todo os máis pequenos, sairán sabendo moitas curiosidades sobre a vida mariña e a biodiversidade do lugar.


# CANTEIRAS DO LITORAL

**DURACIÓN:** 2 HORAS **PERCORRIDO:** 2 KM IDA

**INTENSIDADE:** BAIXA

**INICIO:** APARCADOIRO DA CANTEIRA DO COCHO

**FIN:** PRAIA DE A BORNA



## TOCA FUEGHO NA CANTEIRA DO COCHO

Moaña é terra de mar pero tamén de pedra. Ao longo do noso percorrido descubriremos a historia que agochan as antigas canteiras do litoral de Moaña, en Meira, e que foron a orixe do crecemento económico e social da vila. Descubriremos interesantes historias, vivencias e anécdotas das canteiras do Cocho, o Arroás, a Laxe, o Latón e a Borna e coñeceremos o significado dalgúns termos ben curiosos que se empregaban na xerga propia dese gremio como "romper pedra", "tocar fuegfo" ou "facer uns tiros". Co paso do tempo e o desmantelamento das canteiras, eses novos espazos serviron de ubicación para novas actividades empresariais relacionadas co mar, como no caso do estaleiro ASCON ou de Conservas A Guía.


# A MOAÑA MARIÑEIRA

**DURACIÓN:** 2 HORAS **PERCORRIDO:** 2,6 KM IDA

**INTENSIDADE:** BAIXA

INICIO: NAVE DO CLUBE DE REMO SD TIRÁN

FIN: MUSEO ABERTO DAS CARREIRAS (MEIRA)



## UNHA HISTORIA VINCULADA AO MAR

Ao longo deste percorrido polo litoral entre o Porto de Moaña e o Porto de Meira coñeceremos os detalles dos inicios da pesca tradicional, a historia do Pósito de Moaña e a figura do seu impulsor D. José Costa Alonso, e algúns dos naufraxios máis importantes que afectaron ás familias de Moaña. Visitaremos o estaleiro de Carlagho, sede da Asociación Sueste, no que descubriremos o interior dunha carpintería de ribeira, e o museo aberto das Carreiras de Meira.




# SENDEIRO DA FRAGA

**DURACIÓN:** 3 HORAS **PERCORRIDO:** 4 KM IDA

**INTENSIDADE:** MEDIA

**INICIO:** DESEMBOCADURA DO RIO FRAGA, A XUNQUEIRA

**FIN:** TERREIRO DE MUÍÑO



## AUGA QUE PASA, NON MOVE MUÍÑO

O río da Fraga, un dos máximos expoñentes naturais de Moaña, foi un dos fíos vertebradores da vida cotiá dos nosos antepasados. Un entorno natural espectacular servíranos nesta ruta como marco para explicar a importancia que os ríos en xeral teñen tanto a nivel natural como paisaxístico e humano. Un río é moito máis que un curso de auga, é o eixo de todo un ecosistema do que os humanos tamén formamos parte. As súas augas serviron para regar os cultivos e, sobre todo, para mover a principal industria de Galicia ata non hai tanto: os muíños. Nesta ruta viaxaremos pois, río arriba, desde o presente urbano e agrícola ao pasado natural que lle dá nome ao río, a fraga, o bosque autóctono que aínda podemos contemplar neste espazo tan singular.


# SAN MARTIÑO

**DURACIÓN:** 1,5 HORAS **PERCORRIDO:** 1 KM IDA

**INTENSIDADE:** BAIXA

**INICIO:** IGREXIA DE SAN MARTIÑO

**FIN:** O CRUCEIRO DE SAN MARTIÑO



## UNHA VIAXE POLO ROMÁNICO

A igrexa de San Martiño de Moaña é un dos grandes expoñentes do románico no Morrazo. Unha igrexa que a primeira vista pode parecer unha igrexa máis pode ser todo un libro aberto que nos fai ver a historia que os seus muros viron pasar desde hai case mil anos. O tímpano da porta principal axudou a resolver un misterio escondido noutras igrexas, as súas inscricións pasaron de ser un crebacabezas a toda unha revelación. Pero hai máis, o seu interior conserva escondidos, á vista de todos, elementos moi curiosos e anecdóticos. A localización da igrexa será a clave para entender, nunha historia de ricos e pobres, como naceron o barrio do Igrexario e do Cruceiro.


# MULLERES DA HISTORIA DE MOAÑA

**DURACIÓN:** 2 HORAS **PERCORRIDO:** 2 KM IDA

**INTENSIDADE:** BAIXA

**INICIO:** ESTACIÓN MARÍTIMA DE MOAÑA

**FIN:** CONCELLO DE MOAÑA



## MULLERES SENLLEIRAS

Unha ruta para dar a coñecer e poñer en valor o papel da muller dentro do desenvolvemento da sociedade e a vila de Moaña. Historias que paga a pena coñecer sobre figuras importantes con nome propio como Lela Soage, Elisa de la Peña ou Lola Diz que se mesturarán con alusións a colectivos máis anónimos como as peixeiras, as mariscadoras ou as carreiras.


# LITERARIA "O ÚLTIMO BARCO"

**DURACIÓN:** 2 HORAS **PERCORRIDO:** 2 KM

**INTENSIDADE:** BAIXA

**INICIO:** ESTACIÓN MARÍTIMA DE MOAÑA

**FIN:** MIRADOR DA PUNTA DA MONA



## SEGUINDO OS PASOS DE CALDAS E ESTÉVEZ

A desaparición de Mónica Andrade leva ao inspector de policía Leo Caldas e máis o seu axudante Estévez á costa de Tirán para intentar descubrir o paradiro da rapaza. Na súa busca percorren diferentes localizacións desta vila, recompilando pistas que os axudarán a resolver o caso. Nesta ruta literaria coñeceremos algúns dos lugares nos que transcorre a trama do libro. Partiremos da estación marítima de Moaña, pasaremos pola histórica igrexa de San Xoán de Tirán e chegaremos ata o curioso miradoiro da Mona, seguindo os pasos de Caldas e Estévez na súa investigación, e coñeceremos máis detalles sobre eses lugares reais nos que está baseada esta historia de ficción do escritor Domingo Villar.

# SENDEIRO DE RIALDARCA

**DURACIÓN:** 2 HORAS **PERCORRIDO:** 1,2 KM IDA

**INTENSIDADE:** MEDIA

INICIO: CONCELLO DE MOAÑA

FIN: DO SENDEIRO DE RIALDARCA



## UNHA SENDA CON IDENTIDADE PROPIA

Dende o ano 2005 ata a actualidade, veciños dos barrios deste val de Moaña, decidiron organizarse para tratar de poñer en valor un entorno ao redor dunha senda que durante moito tempo fora unha vía de comunicación moi empregada entre o centro do pobo e os barrios próximos a San Martiño e a "Moaña alta", dentro dunha zona cun enorme uso agrario, muiñeiro e para o lavado tradicional de roupas. No ano 2019, da man do concello de Moaña, vén de elaborarse unha estratexia para converter a medio prazo este entorno nun corredor ambiental que vertebre diferentes barrios desta zona da vila. Daremos un dobre enfoque á ruta:

- Por unha banda, seguindo un enfoque ambiental, trataremos o problema das especies invasoras e outras ameazas ambientais que se aprecian neste entorno natural e dos seus efectos sobre o ecosistema autóctono no que atopamos especies ameazadas como a anguía europea, anfibios endémicos de Galicia, aves rapaces e ata 15 especies de árbores autóctonas.
- Por outra, centrarémonos no aspecto etnográfico e utilizaremos as características, historias e anécdotas de Rialdarca como exemplo para coñecer como era a vida no rural galego baseada no cultivo do campo, especialmente de millo e viño, que xogaban un papel moi importante na economía familiar.

# DESCUBRE MOAÑA

CONTIDO: A ILLA DOS RATOS  
DISEÑO: ALEXANDRA F. GÓMEZ

Para + info visita a nosa web!

